



Guía Docente				
Datos Identificativos			2019/20	
Asignatura (*)	Estruturas 4		Código	630G02034
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e AeronáuticasEnxeñaría Civil			
Coordinación	Perez Valcarcel, Juan Bautista	Correo electrónico	juan.pvalcarcel@udc.es	
Profesorado	Barreiro Roca, José Carlos	Correo electrónico	jose.barreiro@udc.es	
	Dominguez Diez, Eloy Rafael		eloy.dominguez@udc.es	
	López César, Isaac		isaac.lopez@udc.es	
	Martín Gutiérrez, Emilio		emilio.martin@udc.es	
	Perez Valcarcel, Juan Bautista		juan.pvalcarcel@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Estruturas 4 é unha materia troncal que se imparte en 4º Curso. O obxectivo que se expón é introducir ao alumno no deseño e cálculo de estruturas de formigón armado a nivel profesional. Para iso insistirase tanto nos conceptos básicos de comportamento do formigón armado, como na súa concreción práctica e na súa adecuación á Normativa vixente. Trátase de desenvolver as capacidades do alumnado para dar unha resposta concreta e construíble aos problemas estruturais que se lle presentarán na práctica arquitectónica e para poder aplicar responsablemente, pero tamén criticamente as normativas de cálculo e poder asumir as súas variacións no futuro.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Representar convenientemente diferentes tipoloxías de estruturas de formigón armado, no ámbito da edificación e a nivel de proxecto de execución	A12	B1	C1
	A17	B2	C3
	A18	B3	C4
	A63	B4	C5
		B6	C6
		B9	C7
		B11	C8
Adquirir os coñecementos básicos relativos ás características físicas e mecánicas do formigón armado	A17	B1	
		B2	
		B3	
		B4	
		B5	
		B6	
		B9	
		B11	



Coñecer e saber aplicar os métodos de cálculo de estruturas de formigón armado	A12		C3
	A17		C4
	A18		C5
	A44		C6
	A63		C7
			C8
Deseñar e calcular diferentes elementos e sistemas estruturais en formigón armado, no ámbito da edificación	A12	B1	C6
	A17	B2	C7
	A18	B3	C8
	A44	B4	
	A63	B5	
		B6	
		B9	
Familiarizarse coa consulta, interpretación e aplicación da normativa vixente no ámbito das estruturas de edificación de formigón armado	A12		
	A17		
	A18		
Iniciarse na utilización de aplicacións informáticas de análise estrutural, e de ferramentas básicas ligadas á implantación das tecnoloxías da información e das comunicacións	A12		C3
	A44		C6
			C7
Fomentar o desenvolvemento de capacidades e actitudes de carácter autónomo (tendencia á aprendizaxe continua, habilidade para resolver problemas de forma efectiva, capacidades de análise e síntese, organización e planificación persoal, xestión produtiva da información) ou cooperativa (comunicación efectiva, comportamento fundamentado en responsabilidades compartidas)		B1	C1
		B2	C3
		B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B9	C8
		B11	

Contidos	
Temas	Subtemas
TIPOLOXÍA E REPRESENTACIÓN	Tipoloxías estruturais en formigón armado Representación de proxectos de estruturas
TIPIFICACIÓN DE FORMIGÓNS	Materiais constitutivos Características mecánicas Durabilidade Especificación de formigóns
BASES DE CÁLCULO	Estados límite Rexións B e D Dominios de deformación
FLEXIÓN SIMPLE	Disposicións relativas ás armaduras Diagramas parábola-rectángulo e rectangular Limitación de ductilidade Métodos aproximados Gráficos de dimensionado Formigóns de alta resistencia Seccións transversais en T



SECCIÓNS CON AXIL E MOMENTO: FLEXIÓN COMPOSTA	Tracción simple Compresión simple Tracción composta Armaduras asimétricas Armaduras simétricas
FLEXIÓN ESVIADA	Ábacos adimensionais en roseta Método simplificado por redución a flexión recta
ESFORZOS CORTANTE E RASANTE	Mecanismo resistente Tratamento na Instrución Resistencia a rasante en xuntas entre formigóns.
TORSIÓN	Torsiós principais e secundarias Mecanismo resistente Determinación de armaduras Interacción entre torsión e outros esforzos
ANCORAXE E EMPALME DE ARMADURAS	Ancoraxe de barras corrugadas Ancoraxe de grupos de barras Empalme de armaduras pasivas
ORGANIZACIÓN DE ARMADURAS	Armado de vigas Armado de soportes Solucións construtivas
ESTADOS LÍMITE DE SERVIZO	Fisuras Deformación Limitación por canto Métodos de estimación de frecha
PÓRTICOS	Criterios de deseño Modelaxe Métodos de análise Redondeo parabólico Efecto de muros e tabiques Inestabilidade
FORXADOS UNIDIRECCIONAIS	Funcións Tipoloxías Consideracións de deseño Estados límite últimos Estados límite de servizo Aspectos construtivos
FORXADOS BIDIRECCIONAIS.	Tipoloxías e elementos constitutivos Consideracións de deseño Método directo Método de asimilación a engrellado Aspectos construtivos Cortante e punzonamento Estimación de deformacións
PLACAS, LOUSAS PREFABRICADAS E SOLUCIÓNS MIXTAS	Teoría xeral de sistemas bidimensionais Métodos de análise de placas Prelousas e lousas alveolares Forxados de chapa colaborante



REXIÓN D	Método de bielas e tirantes Comprobación de tirantes e nodos Vigas parede Ménsulas cortas
EDIFICIOS EN ALTURA	Condições funcionais e estruturais Consideracións específicas de deseño Sistemas de estabilización lateral
PATOLOXÍA	Accións agresivas Corrosión de armaduras Lume Fisuras Coqueras, disgregacións e desagregacións Lesións por asentos Lesións por deformacións excesivas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 A17 A18 A44 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11	30	25	55
Solución de problemas	A12 A17 A18 A44 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	13	48	61
Obradoiro	A12 A17 A18 A44 A63 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	12	15	27
Esquemas	A12 A17 A18	0	2	2
Proba mixta	A17 A18 A44 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	4	0	4
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Unha fracción relevante da actividade presencial sèrvese do método expositivo, cuxa responsabilidade recae fundamentalmente sobre o profesorado, xa sexa de forma oral ou co complemento de medios audiovisuais. Sen embargo, e con independencia do anterior, durante ditas sesións perséguese alcanzar unha certa cota de participación por parte do alumnado, potenciando a súa implicación, fomentando a retroalimentación do proceso (e por tanto o carácter bidireccional da comunicación), e dinamizando os mecanismos de aprendizaxe mediante técnicas de interacción.



Solución de problemas	Realizaranse probas de carácter práctico, deseñadas a partir dos contidos traballados previamente, e que deben ser resoltas nun tempo limitado. O carácter progresivo de tales probas obedece a criterios de avaliación continua, de forma que as conclusións de cada fase poidan servir para reconducir os procesos de ensinanza e aprendizaxe convenientemente, adecuándoos ás particularidades do grupo a fin de alcanzar as pretendidas competencias. Estas probas organízanse no desenvolvemento dun proxecto arquitectónico e incorporarán progresivamente os distintos temas que se desenrollen na teoría. Para iso, o alumno deseñará un edificio de pórticos de formigón na primeira semana do curso e deseñará progresivamente o tipo de estrutura, redimensionando os seus elementos, calculando un pórtico representativo da mesma, armando as seccións indicadas e resolvendo completamente o conxunto de pórticos e forxados que se indican en cada caso. Deste traballo realizaranse entregas parciais de cada un destes aspectos. O traballo completo entregárase nun portafolios final que desenvolverá toda a estrutura do edificio.
Obradoiro	A materia participa no Taller 5, onde se integran igualmente Proxectos 6, Construción 5 e Urbanística 4. O taller concíbese como un espazo de traballo e intercambio concibido para facilitar a confluencia dos contidos das diferentes materias en torno ao proxecto arquitectónico, e por tanto aséntase na integración multidisciplinar sobre a resolución de casos prácticos.
Esquemas	Preténdese que o alumno desenvolva durante o curso as capacidades de análise e síntese mediante a confección de documentos sinópticos. Inténtase reforzar así a aprendizaxe significativa mediante a síntese estruturada dos principais contidos traballados. A elaboración enténdese progresiva, ordenando de forma continuada conceptos e expresións, esquematizando procesos de análise, e incidindo na dedución de posibles relacións entre os sucesivos temas do programa.
Proba mixta	Contéplanse probas escritas como ferramenta de avaliación diagnóstica, formativa e aditiva. O deseño axústase en cada enunciado ao perfil de coñecementos e capacidades que se pretenden valorar, incidindo na comprensión dos contidos teóricos e nas destrezas asociadas á análise e resolución de casos prácticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Solución de problemas	Unha metodoloxía orientada cara á aprendizaxe require a consideración das singularidades que distancian a uns alumnos doutros dentro dun mesmo grupo, en termos de formación previa, posibles carencias, actitudes e aptitudes, expectativas e motivacións. Por elo enténdese necesaria unha dedicación adicional estruturada basicamente mediante tutorías presenciais ou virtuais, cuxo froito depende en gran medida do nivel de implicación do discente. Co obxecto de facilitar o seguimento da súa evolución ao longo do curso, ao principio do mesmo débese cumprimentar correctamente a correspondente ficha de alumno. Do mesmo modo, e dado o carácter progresivo da materia, é aconsellable resolver todas as posibles dúbidas a medida en que van xurdiendo, á maior brevidade e facendo uso das correspondentes tutorías. Esta cuestión intensifícase, si cabe, no desenvolvemento dos proxectos propostos a nivel de taller, cuxa metodoloxía só adquire sentido se se produce un contacto regular e periódico co profesorado a fin de optimizar e, no seu caso, reconducir as actividades en curso. As probas propostas poderán ser revisadas tras a súa cualificación, dentro dos prazos establecidos, a efectos de constatar os posibles erros cometidos e servir, en consecuencia, a unha mellor función formativa dos procesos de avaliación continua.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A17 A18 A44 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Dichas probas contemplarán la resolución de ejercicios teóricos-prácticos y el desarrollo de determinados aspectos vinculados al proyecto de estructuras de edificación. La configuración de las mismas, así como los oportunos criterios de calificación, serán definidos expresamente en cada enunciado.	80



Obradoiro	A12 A17 A18 A44 A63 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Se valorarán los resultados obtenidos en el taller teniendo en cuenta la complejidad de la solución y su adecuación a la propuesta arquitectónica, así como su desarrollo tanto a nivel de cálculo como gráfico.	20
-----------	---	--	----

Observacións avaliación

A avaliación, como sistema de recollida de información orientada á emisión de xuízos de valor (e, no seu caso, de mérito) sobre o proceso de aprendizaxe, require un desenrolo continuo cunha constante implicación do alumno. Con esta premisa, asistencia e participación enténdense fundamentais, de forma que unha ausencia inxustificada e reiterativa repercute desfavorablemente na cualificación obtida por curso, en similar proporción que unha carencia de participación ou unha actitude negativa. Nos criterios de corrección recóllense non só a exactitude dos resultados, senón tamén a claridade da presentación, a estruturación da análise efectuada, a utilización de unidades, a correcta aplicación dos criterios normativos, e a terminoloxía empregada.

O sistema de avaliación continua configúrase con probas mixtas, que se realizarán durante o curso, e a práctica de taller. As probas mixtas representan o 80% da cualificación global e o 20% restante corresponde á puntuación obtida no taller. Para poder superar a materia por curso hai que obter unha cualificación mínima, considerando tanto as probas mixtas como o taller, de 5 sobre 10, esixíndose asemade unha cualificación mínima de 1 sobre 5 na práctica de taller. Para poder realizar as probas mixtas intermedias será requisito ter unha asistencia de alúmenos o 70%. Esta condición non será exixible aos alumno con matrícula a tempo parcial.

Os alumnos que non superaran a materia por curso volverán examinarse das partes pendentes nas dúas oportunidades do mesmo curso. En ambos casos conservarase a nota do taller obtida.

Os alumnos que tiveran superada a materia de proxectos 6, para poder aprobar estruturas 4, terán que desenvolver a súa proposta de taller sobre o tema desenrolado no curso en que superaran proxectos 6, sendo esixible en todo caso un adecuado seguimento durante o período da docencia da materia de taller.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Pérez Valcárcel, J. (2012). 1. Introducción a las estructuras de hormigón armado. A Coruña. Reprografía del Noroeste - (2009). DB Se Seguridad Estructural. Bases de cálculo. Madrid. Ministerio de Vivienda, Boletín Oficial del Estado - Pérez Valcárcel, J. (2011). 2. Armado de secciones de hormigón. A Coruña. Reprografía del Noroeste - Pérez Valcárcel, J. (2010). 5. Pórticos de hormigón armado. A Coruña. Reprografía del Noroeste - Pérez Valcárcel, J.; Aragón Fiter, J. (2010). 6. Forjados de hormigón. A Coruña. Reprografía del Noroeste - Pérez Valcárcel, J. (2011). 7. Placas y forjados reticulares. A Coruña. Reprografía del Noroeste - Jiménez Montoya, P.; García Meseguer, A.; Morán Cabré, F.; Arroyo Portero, J.C. (2010). Hormigón armado. Barcelona. Gustavo Gili - Calavera, J. (2008). Proyecto y cálculo de estructuras de hormigón : en masa, armado y pretensado. Madrid. Intemac - (2008). EHE-08 Instrucción de Hormigón Estructural. Madrid. Ministerio de Fomento, Centro de Publicaciones - Pérez Valcárcel, J.; Martín Gutiérrez, E. (2017). Diseño de estructuras de hormigón armado. A Coruña. Reprografía del Noroeste
Bibliografía complementaria	- López R. Muñiz, M. (1999). Construcción y cálculo en hormigón armado. Madrid. Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos - (2002). Guía de aplicación de la Instrucción de Hormigón Estructural. Edificación. Madrid. Ministerio de Fomento - Fernández Cánovas, M. (2013). Hormigón. Adaptado a la Instrucción de Recepción de Cementos RC-08 y a la Instrucción de Hormigón Estructural EHE-08. Madrid. Garceta Grupo Editorial - Calavera, J. (2002). Cálculo, construcción, patología y rehabilitación de forjados de edificación unidireccionales y sin vigas-hormigón metálicos y mixtos. Madrid. Intemac - Murcia Vela, J.; Aguado de Cea, A.; Marí Bernat, A.R. (1993). Hormigón armado y pretensado. Barcelona. Universidad Politécnica de Cataluña - Regalado Tesoro, F. (1996). Biblioteca de detalles constructivos prácticos de hormigón armado en estructuras de edificación. Madrid. Cype Ingenieros - Fernández Cánovas, M. (1994). Patología y terapéutica del hormigón armado. Madrid. Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos - Leonhardt, F. (1986). Estructuras de hormigón armado. Buenos Aires. El Ateneo - Regalado Tesoro, F. (1999). Cortante y punzonamiento. Teoría y práctica: propuestas alternativas a la EHE. Madrid. Cype Ingenieros - Regalado Tesoro, F. (1999). Los forjados de los edificios: pasado, presente y futuro. Madrid. Cype Ingenieros - Regalado Tesoro, F. (1999). Los pilares: criterios para su proyecto, cálculo y reparación. Madrid. Cype Ingenieros - Regalado Tesoro, F. (2003). Los forjados reticulares diseño, análisis, construcción y patología. Madrid. Cype Ingenieros

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estruturas 1/630G01019
Estruturas 2/630G01023
Estruturas 3/630G01028

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Proxectos 6/630G01026
Urbanística 4/630G01032
Construción 5/630G01033

Materias que continúan o temario

Estruturas 5/630G01038

Observacións

<p><p>Las materias que se recomienda cursar de forma simultánea integran, conjuntamente con Estructuras 4, el Taller 7. </p></p>



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías